



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

ACTA NÚM. 03/2.015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 30 DE MARZO DE 2.015

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e vintecinco minutos do día trece de outubro do ano dous mil catorce, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D^a. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).
- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D^a. M^a Dolores Miguélez Casás.

Actúa como secretario, Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

1. ACTA Nº 2/2015 DE DATA 02-03-2015.

Non habéndose formulado observación algunha á acta número 2/2015, de data 02/03/2015, considérase aprobada polos votos favorables da unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE XESTIÓN DO FONDO DE MELLORAS Á XEFATURA DO SERVIZO DE MONTES DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

A Presidencia le a proposta da alcaldía Pedanía de data 23-03-2015, que é do teor literal seguinte:

“Esta Entidade Local Menor, cumprindo coa súa obriga legal, ven destinando o 15 % dos aproveitamentos do seu monte patrimonial de UP 493 Costa de Oya e Outros para a súa inversión en melloras forestais.

Esta Entidade quere levar a cabo, no Monte de UP 493 Costa de Oya e Outros e na parroquia de Chenlo, actuacións de interese xeral e que redunden en beneficio do monte, da parroquia e da súa veciñanza, mediante a xestión directa do plan de melloras correspondente ao 2015.

En consecuencia, proponse a Xunta Veciñal a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar a xestión directa do plan de melloras correspondente ao ano 2015 á Xefatura do Servizo de Montes de Pontevedra da Consellería de Medio Rural.”

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos catro membros presentes desta Xunta Veciñal (3 do PP, e 1 do BNG).



3. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DA CADUCIDADE DAS AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS DADAS POLOS ÓRGANOS COMPETENTES DA XUNTA DE GALICIA A D^a MERCEDES CORREA MORAIS, COMO TITULAR DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN MINEIRA SAMPERES N^o 2707, PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DUNHA PARCELA DE 30.435 M2 DO MONTE DE U.P. N^o 493 PROPIEDAD DA E.L.M. DE CHENLO PARA EXPLOTACIÓN DUNHA CANTEIRA DE GRANITO.

**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

A Presidencia le a proposta da alcaldía Pedanía de data 23-03-2015, que é do teor literal seguinte:

“Visto o escrito R.E. núm. 10/13-02-2015 da Xefa de Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, no que se comunica que iniciado no devandito Servizo expediente de caducidade da ocupación temporal de 30.435 m2 no lugar coñecido como Samperes, no monte do monte de U.P. N^o 493, Costa de Oia e Outros, pertencente á ELM de Chenlo (O Porriño), a favor de María Mercedes Correa Morais, deberá aportarse certificación do acordo favorable da Xunta veciñal da ELM DE Chenlo aprobando a solicitude de caducidade da ocupación, esta alcaldía Pedanía propón a Xunta Veciñal adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar todas as actuacións levadas a cabo polo Alcalde pedáneo ante a Xunta de Galicia con respecto a declaración de caducidade desta Entidade a Xunta de Galicia da autorización administrativa outorgada a D^a Mercedes Correa Morais, como titular da concesión de explotación mineira Samperes n^o 2707, para ocupación temporal dunha parcela de 30.435 m2 do monte de U.P. n^o 493 propiedade da E.L.M. de Chenlo para explotación dunha canteira de granito con suxeición ao establecido no prego de condicións e ó Plano elaborados polo Servizo de Montes e Industria Forestais de Pontevedra, quedando a ocupación ou servidume á que a mesma se refire sen ningún valor, debendo deixar a beneficiaria a zona afectada na forma que se determine tanto polo proxecto de Restauración como polo Servizo Provincial, sen que por todo isto, teña dereito a formular reclamación algunha, ni a percibir indemnización de ningunha clase, e sen prexuízo das reclamacións que procedan con respecto dos canos debidos.*

SEGUNDO.- *Aprobar a solicitude formulada polo alcalde pedáneo, en nome e representación desta Entidade a Xunta de Galicia, de declaración de caducidade das autorizacións administrativas outorgadas a D^a María Mercedes Correa Morais, como titular da concesión de explotación mineira Samperes n^o 2707, para ocupación temporal dunha parcela de 30.435 m2 do monte de U.P. n^o 493, “Costa de Oya y otros” propiedade da E.L.M. de Chenlo para explotación dunha canteira de granito con suxeición ao establecido no prego de condicións e ó plano elaborados polo servizo de montes e industria forestais de Pontevedra.”*

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos catro membros presentes desta Xunta Veciñal (3 do PP, e 1 do BNG).

Non habendo na máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e trinta e cinco minutos do día ut supra. Dou fe.

